



ORGANISMO: Secretaría Xeral, Subdirección Xeral de Persoal – Servizo de Secundaria

Anuncio do 6 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas das escolas oficiais de Idiomas de Vigo e A Coruña, nas especialidades de chinés e xaponés.

TEXTO :

Primeiro.-Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para o corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e para as seguintes especialidades.:

Especialidades	Titulación	Formación complementaria
Chinés Xaponés	Licenciado en filoxía da lingua estranxeira obxecto da convocatoria	
	Calquera titulación superior da área de humanidades	Certificado de aptitude das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma obxecto da convocatoria.
	Calquera titulación universitaria superior	Ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención da licenciatura do idioma correspondente xunto co certificado de aptitude das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma obxecto da convocatoria.

Segundo.-Prazo de solicitude.

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.-Modelo de solicitude.

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e está a disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es> profesorado - Interinos e substitutos/convocatorias de apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-Comisión baremadora.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente Non Universitaria.

Quinto. Requisitos dos candidatos e candidatas.

- a) Estar en posesión das titulacións que, para cada especialidade, se sinalan no anexo I do presente anuncio..
- b) Ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación equivalente.
- c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no apartado primeiro, non posúan o curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados, en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de ser seleccionados, os candidatos deberán superar, no prazo máximo de 2 anos dende que sexan nomeados, o curso de perfeccionamento de lingua galega. A superación de dito curso deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Persoal da consellería de Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-O baremo de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da Mesa Sectorial Docente o

11 de xullo de 2006 será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2007

Benito Fernández Rodríguez

Secretario xeral da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria

edu.xunta.es